

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Xosé Neira Vilas, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 29/07/1969

Colección:

Data: 29/07/1969

De:

Xosé Neira Vilas;

Para:

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

Orixe:

A Habana (local), A Habana (provincial), Cuba (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

Temáticas:

Política; Revolución cubana;

Mencionados:

Anisia Miranda;

Transcrición da epistola de Xosé Neira Vilas, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 29/07/1969

Habana, 29 de xulio do 1969

Queridos Maruxa e Luis Seoane:

Soio dúas palabras esta vez, que podemos decirlles que en verdade o diga todo! Os dous están presentes nos máis variados intres do noso pensar, do noso eistir. Porque dempois de tratar ó longo do tempo tanta xente, a peneira deixa na lembranza, na constante amizade uns poucos, moi poucos sempre. Tal nos acontece con vostedes e con pouqueniños máis.

De nós, novo, moi pouco. Dentro deste andar –de por si noviño e dinámico– da Revolución Cubana, facemos canto podemos, e do xeito que mellor podemos, sin deixar fóra, pola miña parte, como galego, as obrigas no meu país ó que, certamente, nos derradeiros anos somente lle veño dando algús libros –non sei se

útiles ou non, polo de pronto no me fago demasiadas ilusión nese terreo– e penso poder darlle algún día o froito das miñas esperencias destes tempos e lugares. Coa presente, vai un traballiño curto de Anisia sobre nenos vietnamitas, e dúas fotos (non son gran cousa) nas que estamos os dous.

E namais. Reciban unha cordialísima e entrañable aperta, de Anisia e de

Neira Vilas

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.